- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores

Contidos

- ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
10	Time to Celebrate	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos	PE	53
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Aplicar estratexias de reading e listening		
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de writing e speaking		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Aplicar estratexias comunicativas		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos	TI	47
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.

Contidos

- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Con respecto á metodoloxía, os elementos curriculares serán tratados dende un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado.

A continuación, relaciónanse as actividades prácticas e estratexias de ensino e aprendizaxe que serán empregadas:

-Para practicar a comprensión escrita faranse lecturas de textos informativos que mostran a lingua en contexto, intentando atender aos centros de interese do alumnado.

-Uso de exercicios graduados en dificultade (actividades multinivel), proporcionando andamiaxe para axudar ao alumnado a practicar tanto a forma como o significado dos recursos gramaticais e léxicos da lingua estranxeira.

-Práctica de comprensión oral con Listenings graduados en dificultade. Tamén se traballarán cancións para practicar a pronuncia, a entoación e o ritmo.

-Práctica de expresión oral (Speaking) con linguaxe funcional en situacións cotiás. Para esta práctica os alumnos terán un modelo estruturado para que preparen o seu propio diálogo ou presentación paso a paso. Tamén se representarán sketches curtos que sirvan para potenciar a fluidez na expresión oral.

- Trataranse os aspectos culturais de diferentes países de lingua inglesa facendo sinxelos traballos de creación, como por exemplo a elaboración de pósteres.
- Para practicar a expresión escrita, os alumnos recibirán modelos de diferentes tipos de texto con cadros de escritura que os guiará na preparación dos seus textos.
- Os alumnos poderán empregar a aula virtual da materia para acceder a máis recursos que lles axudarán a mellorar súa aprendizaxe e rendemento.
- Uso dun libro de exercicios, "Teamwork 1" que, alén de conter actividades de gramática e vocabulario, inclúe tarefas de Reading, Writing e Listening.

As nove unidades do Student's Book divídense en seccións de vocabulario, gramática e habilidades. Hai dous textos por unidade baseados en material auténtico. Tamén se presentan dous grupos de vocabulario temático contextualizado en cada unidade e actividades para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nas propias unidades, o cal proporciona unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto actual tanto no oral como no escrito. Ao final do libro está a sección Optional Grammar Extension, que contén explicacións de puntos gramaticais adicionais exercicios para practicalos.

Tamén se proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada unidade inclúe un vídeo Life Skills con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades adicionais de comprensión e expresión oral en todas as unidades que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicarse de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados unidade a unidade para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

Tamén hai tres seccións de repaso (Reviews) no Student's Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática.

A sección Fast Finishers, con práctica adicional para consolidar o vocabulario e a gramática aprendidos, aparecen ao final do Student's Book para aqueles alumnos/as que necesiten un desafío extra.

A sección Culture Quizzes, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparecen ao final do Student's Book. Nelas relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) e introdúcese aos estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo angloparlante e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo cultural que presenta contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.

Os proxectos colaborativos atópanse ao final do Student's Book. Cada un está vinculado a unha unidade e, a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación e sociais. Ademais, cada proxecto inclúe unha Techno Option.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
1.- Libro de texto Teamwork 1 Student's Book. 2.- Libro de exercicios Teamwork 1 Workbook. 3.- Versións dixitais dos libros anteriores. 4.- Interactive Student Teamwork 1. 5.- Materiais impresos e dixitais de Teamwork 1 All-in-One Pack.
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Ademais, no nivel de 1º da ESO o alumnado empregará como recurso o libro de texto "Teamwork 1" da Editorial Burlington, xunto cos seus correspondetes materiais dixitais.

Tamén se empregarán como materiais didácticos outros complementarios como dicionarios, enciclopedias, revistas, filmes en inglés con subtítulos, cancións, vídeos culturais sobre países de fala inglesa, libros de lectura, enlaces a páxinas de interese, etc. Así mesmo, empregárase como aula virtual da materia a plataforma moodle do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso o profesorado precisa ter en conta as necesidades individuais de cada un dos seus alumnos/as con respecto aos seus coñecementos e o seu nivel de adquisición das competencias. Para iso, terase en conta:

- Información aportada polo Departamento de orientación do centro
- Expediente académico do alumno e o informe individualizado do curso anterior.
- A información obtida dos profesores do alumno/a no curso anterior se é posible e informes previos.
- Os resultados da proba inicial (diagnostic test) que realizarán os alumnos/as o inicio do curso (ao longo da primeira semana). Está proba cubrirá os mínimos esixidos do curso anterior. Farase unha valoración dos resultados para establecer o punto de partida. No caso de ter alumnos con necesidades educativas específicas elaborárase unha proba adecuada as súas características.
- O nivel de competencia oral determinarase nas primeiras sesións de clase que se adicarán á presentación oral do alumnado. Nestas sesións, o profesorado constatará o nivel oral de cada alumno/a.

A información que facilite o tutor/a na sesión de avaliación inicial, será moi importante para coñecer o grupo en xeral como as individualidades de cada alumno/a. Esa información axudará na toma de decisións sobre os agrupamentos dentro da clase, os exercicios ou actividades de reforzo que poida precisar un determinado alumno/a, outros datos non necesariamente académicos que poidan influir no rendemento do alumnado (saúde, problemas familiares, etc) e que o profesor deberá ter en conta.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	1	10	10	13	10	10	13	10	10	13
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40	53	53	53
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60	47	47	47

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	44
Táboa de indicadores	56

Criterios de cualificación:

A avaliación da materia da Lingua Estranxeira terá un carácter continuo e progresivo. A cualificación do trimestre corresponderase coas seguintes porcentaxes, distribuídas en función das distintas destrezas:

1. GRAMMAR AND VOCABULARY (CA1.5+ CA2.1): 40%. Instrumentos de avaliación: Probas escritas.
2. SPEAKING, produción e interacción oral (CA1.3 + CA1.6+CA1.7 +CA1.8+CA1.9): 10% Instrumentos de avaliación: Rúbricas / guías de corrección.
3. READING, comprensión escrita (CA1.1 +CA1.2): 15% Instrumentos de avaliación: Probas escritas, cuestionarios.
4. LISTENING, comprensión oral (CA1.1 + CA1.2): 10%. Instrumentos de avaliación: Probas escritas, cuestionarios.
5. WRITING, produción escrita (CA1.4): 15% Instrumentos de avaliación: Probas escritas, cuestionarios.
6. Traballo de aula (CA2.1+CA2.2 + CA2.3 +CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%. Instrumentos de avaliación: rúbricas /guías de corrección

De cada destreza, se realizará unha proba por trimestre. Na circunstancia en que se descubra a un alumno ou alumna copiando nunha proba ou traballo, procederase á repetición da proba ou tarefa correspondente.

CÁLCULO DA NOTA FINAL: A avaliación da materia ten un carácter continuo, de xeito que a nota final da mesma coincidirá coa nota final da 3ª Avaliación. A avaliación final será positiva cando se obteña unha nota final igual ou superior a 5. Para facilitar a recuperación da materia, todo aquel alumnado que non supere a materia ao final da 3ª avaliación realizará de cara á avaliación final unha proba que recollerá os mínimos dos criterios de avaliación traballados ao longo do curso.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

O alumnado con avaliacións suspensas durante o curso será guiado e axudado durante o curso para axudar a conseguir unha calificación positiva na avaliación final.

Xa que en inglés a materia é continua o alumnado que aprobe a terceira avaliación cun 5 ou máis terá aprobado todo o curso. Todo aquel alumnado que non supere a materia, ao final da 3ª avaliación realizará de cara á avaliación final unha proba que recollerá os mínimos dos criterios de avaliación traballados ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que cursa 1º da ESO non conta con materias pendentes. No caso do alumnado de 2º da ESO coa materia de Lingua Estranxeira Inglés pendente de 1º da ESO o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación é o seguinte:

O alumnado co inglés pendente será avaliado polo profesor/a que lle dé clase no curso actual. A comezos de curso se lle informará de que no caso de aprobar a 1ª e a 2ª avaliación do curso no que está matriculado, se lle aprobará a asignatura pendente. Esta nota terá que ser dun 5 de media entre a primeira e segunda avaliación de curso en que está matriculado. A nota da 2ª avaliación deberá ser en todo caso, igual ou superior a 5.

De non superar a materia deste xeito, o alumno/a terá que presentarse a unha proba no mes de maio, que será fixada pola Xefatura de Estudos. Dita proba puntuará sobre 10 e avaliará os seus coñecementos de vocabulario e gramática, e as súas competencias de comprensión lectora e oral e expresión escrita.

Nas reunións de departamento farase un seguimento da evolución destes alumnos, con vistas a mellorar o seu rendemento. O profesorado que imparte clase ao alumnado con materias pendentes proporcionará material de reforzo para axudar a superar a materia e que se atopará dispoñible na aula virtual.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual				X	X			
ET.4 - A competencia dixital		X		X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X				X		
ET.6 - A igualdade de xénero							X	
ET.7 - A creatividade			X				X	
ET.8 - A educación para a saúde							X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.								
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X				
ET.11 - O emprendemento social e empresarial				X	X			
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico						X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual		
ET.4 - A competencia dixital		
ET.5 - A educación emocional e en valores		
ET.6 - A igualdade de xénero		
ET.7 - A creatividade		X
ET.8 - A educación para a saúde		
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		
ET.11 - O emprendemento social e empresarial		
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas culturais	O alumnado terá a oportunidade de asistir e participar nunha charla cultural na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas	X		
Actividades co Auxiliar de Conversa asignado ao noso centro	Alomenos durante un dos tres trimestres, o alumnado de 1ESO terá un auxiliar de conversación na aula 1 día a semana.	X	X	X

Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Medidas de atención á diversidade
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Ao termo de cada trimestre realizarase a avaliación da práctica docente partindo dos indicadores de logro indicados previamente.

O grao de consecución será: sempre, ás veces, nunca.

Ademais, ao termo de cada trimestre o alumnado responderá a unha enquisa anónima baseada nestes indicadores de logro para considerar que aspectos se deben mellorar ou incorporar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de avaliación e seguimento da programación realizarase ao longo de todo o curso nas reunións de departamento. Isto permitirá realizar os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos. Nestas reunións os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc.

Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento presentarase unha análise da idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, así como as propostas de mellora para o curso seguinte.

9. Outros apartados